

	 Amigos da Terra		amigosdaterra.net
--	---	--	-------------------

Amigos da Terra

Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º . 36201 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: [34] 986 229 089

e-mail: info@amigosdaterra.net

EXCURSIÓNS DE FIN DE CURSO PARA ESCOLARES

As Corcerizas ofrece unha combinación de actividades variadas **en contacto coa natureza**, desenvolvendo a sensibilidade que permite identificar os valores humanos e de convivencia na mesma. Cunha metodoloxía motivadora, proporciónase unha educación ambiental e información de calidade, veraz e adecuada ao grupo. Estas actividades son escollidas e organizadas para adquirir actitudes e capacidades como psicomotricidade, cooperación, respecto mutuo, imaxinación; ademais de novos coñecementos.

Ao longo da xornada ou estancia crearase un grupo de “auténticos/as exploradores/as” no entorno forestal circundante, e cos recursos que proporciona o propio centro e instalacións.

Actividades:

- Xogo de orientación; potenciando a observación na natureza e coñecendo os rastros e sinais da fauna
- Sendeiro dos sentidos; unha apropiación afectiva do contorno
- Arte inspirada na natureza: realización dun mural entre todos/as con pigmentos naturais
- Xogos variados: tiro con arco; xogos populares galegos; contacontos, etc.

Medoloxía:

- Lúdica: empregando recursos que afiancen os coñecementos e actitudes de xeito divertido.
- Activa: baseándonos no fomento da creatividade e a espontaneidade.
- Participativa: terán responsabilidades no desenvolvemento do programa.

Destinatarios/as: todas as idades

Horario da xornada: de 10.30h da mañá a 18.00h. da tarde

Para estancias de máis de 1 día consultar horarios contactando en info@ascorcerizas.com

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostibles
amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*

